

# **DOCUMENTALISTA**

## **GALEGO**



1. Segundo o artigo 21.2 da Constitución Española, sobre o dereito de reunión:

- a) Nos casos de reunións en lugares de tránsito público e manifestacións darase comunicación previa á autoridade, que só poderá prohibilas cando existan razóns fundadas de alteración da orde pública, con perigo para persoas ou bens.
- b) Nos casos de reunións en lugares de tránsito público ou privado e manifestacións darase comunicación previa á autoridade, que só poderá prohibilas cando existan razóns fundadas de alteración do orde público, con perigo para persoas ou bens.
- c) Nos casos de reunións en lugares de tránsito público e manifestacións darase comunicación previa á autoridade, que poderá prohibilas previo informe do valedor do pobo.
- d) Nos casos de reunións en lugares de tránsito público e manifestacións darase comunicación previa á autoridade, sen que se poidan prohibir en ningún caso.

2. Segundo o artigo 22 da Constitución Española, as asociacións de carácter paramilitar:

- a) Prohíbense se perseguen fins ou utilizan medios tipificados como delito.
- b) Prohíbense.
- c) Deberán inscribirse nun rexistro.
- d) Prohíbense se son secretas.

3. Segundo o artigo 27.4 da Constitución Española, a ensinanza básica é:

- a) Obrigatoria pero non gratuíta.
- b) Obrigatoria e gratuíta
- c) Gratuíta pero non obrigatoria.
- d) Nin obrigatoria nin gratuíta.

4. Segundo o artigo 28.2 da Constitución Española:

- a) Recoñécese o dereito á folga das persoas traballadoras e empresarios/as para a defensa dos seus intereses. A lei que regule este dereito establecerá as garantías precisas para asegurar o mantemento dos servizos esenciais da comunidade.
- b) Recoñécese o dereito á folga das persoas traballadoras, empresarios/as e autónomos/as para a defensa dos seus intereses. A lei que regule este dereito establecerá as garantías precisas para asegurar o mantemento dos servizos esenciais da comunidade.
- c) Recoñécese o dereito á folga das persoas traballadoras e autónomos/as economicamente dependentes para a defensa dos seus intereses. A lei que

regule este dereito establecerá as garantías precisas para asegurar o mantemento dos servizos esenciais da comunidade.

- d) Recoñécese o dereito á folga das persoas traballadoras para a defensa dos seus intereses. A lei que regule este dereito establecerá as garantías precisas para asegurar o mantemento dos servizos esenciais da comunidade.

5. Segundo o artigo 34.1 da Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia:

- a) No marco das normas básicas do Estado, correspóndelle á Comunidade Autónoma o desenvolvemento legislativo e a execución do réxime de Radiodifusión e Televisión nos termos e casos establecidos na lei que regule o Estatuto Xurídico da Radio e da Televisión.
- b) Independentemente do contido das normas básicas do Estado, correspóndelle en exclusiva á Comunidade Autónoma o desenvolvemento legislativo e a execución do réxime de Radiodifusión e Televisión nos termos e casos establecidos na lei que regule o Estatuto Xurídico da Radio e da Televisión.
- c) Correspóndelle en exclusiva á Comunidade Autónoma o desenvolvemento legislativo e a execución do réxime de Radiodifusión e Televisión nos termos e casos establecidos no decreto que regule o Estatuto Xurídico da Radio e da Televisión.
- d) No marco das normas básicas do Estado, correspóndelle á Comunidade Autónoma, as Deputacións Provincias e aos Concellos o desenvolvemento legislativo e a execución do réxime de Radiodifusión e Televisión nos termos e casos establecidos na lei que regule o Estatuto Xurídico da Radio e da Televisión.

6. Segundo o artigo 34 da Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, de Estatuto de Autonomía para Galicia:

- a) A Comunidade Autónoma poderá regular, crear e manter a súa propia televisión, radio e prensa e, en xeral, todos os medios de comunicación social para o cumprimento dos seus fins.
- b) A Comunidade Autónoma deberá regular, crear e manter a súa propia televisión, radio e prensa e, en xeral, todos os medios de comunicación social para o cumprimento dos seus fins.
- c) A Xunta de Galicia deberá regular, crear e manter a súa propia televisión, radio e prensa e, en xeral, todos os medios de comunicación social para o cumprimento dos seus fins.
- d) As Administracións Públicas poderán regular, crear e manter a súa propia televisión, radio e prensa e, en xeral, todos os medios de comunicación social para o cumprimento dos seus fins.

7. Segundo o artigo 2 da Lei 13/2022, do 7 de xullo, Xeneral de Comunicación Audiovisual, entenderase por servizo de comunicación audiovisual televisivo lineal:

- a) Servizo de comunicación audiovisual que se presta para o visionado de programas e contidos audiovisuais no momento elixido polo espectador e á súa propia petición sobre a base dun catálogo de programas seleccionado polo prestador do servizo.
- b) Servizo de comunicación audiovisual que se presta para o visionado simultáneo de programas e contidos audiovisuais sobre a base dun horario de programación.
- c) Servizo de comunicación audiovisual que se presta para a audición simultánea de programas e contidos radiofónicos ou sonoros sobre a base dun horario de programación mediante calquera soporte tecnolóxico.
- d) Servizo de comunicación audiovisual que se presta para a audición de programas e contidos radiofónicos ou sonoros no momento elixido polo ointe e á súa propia petición sobre a base dun catálogo de programas seleccionado polo prestador do servizo.

8. Segundo o artigo 15 da Lei 13/2022, do 7 de xullo, Xeneral de Comunicación Audiovisual, a autoridade audiovisual competente promoverá o uso da autorregulación e a correulación previstas nos dous artigos anteriores mediante a adopción voluntaria de:

- a) Convenios colectivos.
- b) Acordos sectoriais.
- c) Códigos de conduta.
- d) Acordos de colaboración.

9. Segundo o artigo 15.2 da Lei 13/2022, do 7 de xullo, xeral da comunicación audiovisual, os códigos de conduta de autorregulación e correulación:

- a) Deben ser aceptados polos principais interesados.
- b) Son obrigatorios sempre e cando teñan o informe favorable da avogacía do estado.
- c) Son sempre obrigatorios.
- d) Son obrigatorios sempre e cando teñan o informe favorable da autoridade competente en materia audiovisual.

10. A Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia, no seu artigo 3 sinala que o ámbito xeográfico de emisión xestionado pola CRTVG é o coincidente co territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e no punto 3 dese mesmo artigo, di que o ámbito limitado de cobertura regulado nos apartados anteriores refírese a:

- a) As emisións por ondas hertzianas terrestres no territorio español e enténdese sen prexuízo, entre outras, das emisións derivadas do acceso noutras tecnoloxías ou ás redes de comunicación electrónica.
- b) As emisións por ondas hertzianas terrestres no territorio español e esténdese, entre outras, ás emisións derivadas do acceso noutras tecnoloxías ou ás redes de comunicación electrónica.
- c) As emisións en calquera lonxitude de onda do espectro radioeléctrico ou mediante calquera outra tecnoloxía actual ou que se puidese implementar no futuro.
- d) As emisións por calquera tecnoloxía, sexa por ondas ou a través de dispositivos conectados por cable, así como aquelas derivadas do uso das redes informáticas.

11. O artigo 5 da Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia, establece que:

- a) A edición dos servizos informativos de programas debe ser realizada por profesionais propios da CRTVG, sen prexuízo de que a realización e outros elementos accesorios da cadea de produción poidan ser obxecto de contratación externa.
- b) A realización e a edición dos servizos informativos non poden ser cedidas a terceiros, nin calquera dos elementos da cadea de produción referida aos servizos informativos pode ser obxecto de contratación externa.
- c) A realización e a edición dos servizos informativos non poden ser cedidas a terceiros, sen prexuízo de que os elementos accesorios da cadea de produción poidan ser obxecto de contratación externa.
- d) A realización e a edición dos servizos informativos poden ser cedidas a terceiros, así como os elementos accesorios da cadea de produción poden ser obxecto de contratación externa.

12. Segundo o establecido no artigo 7 da Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia, a Corporación RTVG é:

- a) Unha sociedade mercantil pública autonómica non integrada no sector público autonómico.
- b) Unha sociedade mercantil pública autonómica integrada no sector público autonómico.
- c) Unha sociedade limitada pública autonómica integrada no sector público autonómico.
- d) Unha sociedade limitada pública autonómica non integrada no sector público autonómico.

13. O artigo 13 da Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia, establece que o Consello de Administración da CRTVG componse de:

- a) Cinco membros. Un deles será a directora ou o director xeral.
- b) Sete membros. Un deles será a directora ou o director xeral.
- c) Nove membros. Un deles será a directora ou o director xeral.
- d) Nove membros elixidos polo Parlamento de Galicia.

14. O artigo 14 da Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia, establece que os membros do Consello de administración da CRTVG son elixidos polo Parlamento de Galicia por:

- a) Maioría de dous terzos. Se esta maioría non se consegue no prazo de tres meses desde a primeira votación, será suficiente para a elección unha maioría de tres quintos.
- b) Maioría de dous terzos. Se esta maioría non se consegue no prazo de tres meses desde a primeira votación, será suficiente unha maioría absoluta.
- c) Maioría absoluta. Se esta maioría non se consegue no prazo de tres meses desde a primeira votación, será suficiente para a elección unha maioría simple.
- d) Maioría absoluta. Se esta maioría non se consegue no prazo de tres meses desde a primeira votación renovarase o mandato do anterior Consello polo prazo de dous anos.

15. Segundo o artigo 19.1 da Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia, a función de aprobar as directrices básicas en materia de persoal e o cadro de persoal é competencia do/a:

- a) Dirección Xeral.
- b) Dirección Xeral ou a persoa na que este delegue.
- c) Consello de Administración.
- d) Xerencia.

16. De acordo con o artigo 23 da Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia, a directora ou director xeral da CRTVG:

- a) É elixido polo consello de administración da CRTVG e nomeado polo Consello da Xunta de Galicia.
- b) É elixido polo consello de administración da CRTVG e nomeado pola presidencia do mesmo na primeira reunión despois da súa constitución.
- c) É elixido polo Parlamento de Galicia e nomeado polo Consello da Xunta de Galicia.

d) É elixido polo Parlamento de Galicia e nomeado polo consello de administración da CRTVG.

17. De acordo con o artigo 24 da Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia, a directora ou director xeral cesará automaticamente cando da liquidación do orzamento anual da CRTVG e por causas imputables á súa xestión se constatase a concorrencia de certas circunstancias. Sinala cal das seguintes é unha delas:

- a) Un empeoramento do resultado orzado cunha desviación igual ou superior ao 10% da compensación suficiente aprobada pola prestación do servizo público.
- b) Un empeoramento do resultado presupostado cunha desviación igual ou superior ao 5% da compensación suficiente aprobada pola prestación do servizo público.
- c) A existencia dunha desviación orzamentaria por exceso igual ou superior ao 10% no orzamento de explotación e do 5% no orzamento do capital.
- d) A existencia dunha desviación orzamentaria por exceso igual ou superior ao 5% no orzamento de explotación e do 10% no orzamento do capital.

18. Cal das seguintes NON é unha función da directora ou director xeral da CRTVG, segundo o artigo 26 da Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia:

- a) Establecer os criterios de programación e as directrices oportunas para que a programación cumpra a misión de servizo público encomendada.
- b) Aprobar o plan anual de actividades, a memoria anual e os anteproxectos de orzamentos da Corporación RTVG.
- c) Impulsar, orientar, coordinar e inspeccionar os servizos da Corporación RTVG.
- d) Todas as anteriores son funcións da directora ou director xeral.

19. Segundo o artigo 33 da Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia, o desenvolvemento e a concreción, para todas e cada unha das súas canles, dos obxectivos da función de servizo público encomendados á CRTVG realizaranse mediante a subscrición:

- a) Por un período de tres anos do correspondente contrato programa entre o Parlamento de Galicia e a CRTVG.
- b) Por un período de catro anos do correspondente contrato programa entre o Parlamento de Galicia e a CRTVG.
- c) Por un período de tres anos do correspondente contrato programa entre o Consello da Xunta e a CRTVG.
- d) Por un período de catro anos do correspondente contrato programa entre o Consello da Xunta e a CRTVG.



20. Con relación ao financiamento da CRTVG o artigo 41 da Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia, establece que:

- a) A Corporación RTVG, como servizo público, financiarase con achegas a cargo dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia. Os ingresos obtidos polo desenvolvemento das súas actividades e a participación no mercado publicitario serán destinados exclusivamente a aqueles servizos que teña externalizados ou cedidos a terceiros.
- b) A Corporación RTVG financiarase cos rendementos e ingresos que deriven das súas actividades e da participación no mercado da publicidade. Excepcionalmente poderá ingresar cantidades consignadas nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.
- c) O financiamento da Corporación RTVG basearase nun sistema mixto mediante a percepción das compensacións polo cumprimento da misión de servizo público, ademais dos ingresos e rendementos das súas actividades e da participación no mercado da publicidade.
- d) A Corporación RTVG, como servizo público, financiarase coas cantidades consignadas nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia e coa parte que lle corresponda das achegas que nos orzamentos xerais do Estado son consignadas á Federación de Organismos de Radio e Televisión Autonómicos.

21. Segundo o artigo 2 do Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, cal das seguintes se considera unha relación laboral de carácter especial:

- a) Administradores/as de empresas mercantís.
- b) Persoas traballadoras por conta allea a tempo parcial.
- c) Accionistas de sociedades mercantís.
- d) Persoas traballadoras con discapacidade que presten os seus servizos en centros especiais de emprego.

22. Segundo o artigo 21.2 do Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, a duración máxima do pacto de non competencia para despois de extinguido o contrato de traballo será de:

- a) Dous anos para os técnicos e seis meses para os demais traballadores.
- b) Seis meses para os técnicos e dous anos para os demais traballadores.
- c) Dous anos para calquera persoa traballadora.
- d) Seis meses para calquera persoa traballadora.

23. Segundo o artigo 39.3 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, no caso de mobilidade funcional:

- a) A persoa traballadora percibirá as retribucións correspondentes ás funcións que efectivamente realice sexan superiores ou inferiores ás establecidas para a súa categoría ou grupo profesional.
- b) A persoa traballadora terá dereito á retribución correspondente ás funcións que efectivamente realice, agás nos casos de encomenda de funcións inferiores, nos que manterá a retribución de orixe.
- c) A persoa traballadora percibirá as retribucións correspondentes á categoría profesional que conste no seu contrato de traballo.
- d) A persoa traballadora pode realizar funcións inferiores pero non superiores ás recollidas no seu contrato de traballo.

24. Segundo o artigo 41.3 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, a decisión de modificación substancial de condicións de traballo de carácter individual deberá ser notificada polo empresario á persoa traballadora e aos seus representantes legais cunha antelación mínima á data da súa efectividade de:

- a) 5 días.
- b) 10 días.
- c) 15 días.
- d) 7 días.

25. Segundo o artigo 77.1 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, as asembleas de persoas traballadoras poden ser convocadas:

- a) Polos delegados de persoal, o Comité de empresa ou centro de traballo, ou por un número de persoas traballadoras non inferior ao cincuenta por cento do cadro de persoal.
- b) Polo Comité de empresa ou centro de traballo sempre e cando a proposta de convocatoria sexa aprobada pola maioría simple do cadro de persoal.
- c) Polos delegados de persoal, o Comité de empresa ou centro de traballo, ou por un número de persoas traballadoras non inferior ao trinta e tres por cento do cadro de persoal.
- d) Polos delegados de persoal, o Comité de empresa ou centro de traballo sempre e cando a convocatoria sexa aprobada pola maioría cualificada do cadro de persoal.

26. Segundo o artigo 28.5 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, nas relacións de traballo a través de empresas de traballo temporal, quen é responsable das condicións de execución do traballo en todo o relacionado coa protección da seguridade e saúde das persoas traballadoras?:

- a) A empresa de traballo temporal.
- b) A empresa usuaria.
- c) A persoa traballadora.
- d) O comité de empresa.

27. Segundo o artigo 2 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, as disposicións de carácter laboral contidas nesta Lei e nas súas normas regulamentarias terán en todo caso:

- a) O carácter de Dereito necesario mínimo dispoñible.
- b) O carácter de Dereito necesario mínimo indispoñible.
- c) O carácter de principios informadores das relacións laborais.
- d) Poderán suprimirse por acordo entre os representantes dos traballadores e o empresario.

28. Segundo o artigo 11.1 do Convenio Colectivo da CRTVG, a Comisión paritaria está composta por:

- a) Doce membros: seis representantes da empresa e outros seis das organizacións asinantes do convenio.
- b) Doce membros: seis representantes da empresa e outros seis das organizacións negociadoras do convenio.
- c) Dez membros: cinco representantes da empresa e outros cinco das organizacións negociadoras do convenio.
- d) Dez membros: cinco representantes da empresa e outros cinco das organizacións asinantes do convenio.

29. Segundo o artigo 79 do Convenio Colectivo da CRTVG, a empresa complementará as prestacións da Seguridade Social por enfermidade ou accidente ata:

- a) O 75% das retribucións en situación de alta na empresa da persoa traballadora.
- b) O 80% das retribucións en situación de alta na empresa da persoa traballadora.
- c) O 90% das retribucións en situación de alta na empresa da persoa traballadora.
- d) O 100% das retribucións en situación de alta na empresa da persoa traballadora.

30. Conforme ao artigo 98 do Convenio Colectivo da CRTVG, o Comité de seguridade e saúde reunirase:

- a) Bimensualmente e tamén sempre que o solicite calquera das partes.
- b) Un mínimo de dúas veces ao ano.
- c) Trimestralmente.
- d) Trimestralmente e tamén sempre que o solicite o Comité Intercentros.

31. No Convenio Colectivo da CRTVG, cal é a porcentaxe mínima de vacantes que debe reservarse para promoción interna, segundo o artigo 18, se non hai acordo co Comité Intercentros?

- a) 25%
- b) 50%
- c) 75%
- d) Non hai porcentaxe mínima especificada.

32. Segundo o artigo 14 do Convenio Colectivo, de quen é competencia a organización do traballo na CRTVG?

- a) Da Comisión Paritaria.
- b) Do Consello de Administración.
- c) Da Dirección.
- d) Do Comité Intercentros.

33. Sinala a resposta incorrecta. Segundo o artigo 2 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas, a presente lei será de aplicación a:

- a) O persoal civil e militar ao servizo da Administración do Estado e dos seus organismos públicos.
- b) O persoal ao servizo das Corporacións Locais e dos organismos dela dependentes.
- c) O persoal ao servizo de entidades, corporacións de dereito público, fundacións e consorcios cuxos orzamentos se doten ordinariamente en máis dun 50 por 100 con subvencións ou outros ingresos procedentes das Administracións Públicas.
- d) O persoal que preste servizos en Empresas nas que a participación do capital, directa ou indirectamente, das Administracións Públicas sexa igual ao 50 por 100.

34. Segundo o artigo 12 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas, en todo caso, o persoal comprendido no ámbito de aplicación desa Lei non poderá exercer:

- a) A participación superior ao 10 por 100 no capital das Empresas ou Sociedades concesionarias, contratistas de obras, servizos ou subministracións, arrendatarias ou administradoras de monopolios, ou con participación aval do sector público, calquera que sexa a configuración xurídica daquelas.
- b) A participación superior ao 5 por 100 no capital das Empresas ou Sociedades concesionarias, contratistas de obras, servizos ou subministracións, arrendatarias ou administradoras de monopolios, ou con participación aval do sector público, calquera que sexa a configuración xurídica daquelas.
- c) A participación superior ao 3 por 100 no capital das Empresas ou Sociedades concesionarias, contratistas de obras, servizos ou subministracións, arrendatarias ou administradoras de monopolios, ou con participación aval do sector público, calquera que sexa a configuración xurídica daquelas.
- d) A participación no capital das Empresas ou Sociedades concesionarias, contratistas de obras, servizos ou subministracións, arrendatarias ou administradoras de monopolios, ou con participación aval do sector público, calquera que sexa a configuración xurídica daquelas.

35. De acordo co artigo 4 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas, poderá autorizarse a compatibilidade, cumpridas as restantes esixencias desta Lei, para o desempeño dun posto de traballo na esfera docente como Profesor universitario asociado:

- a) En réxime de dedicación a tempo completo e con duración determinada.
- b) En réxime de dedicación non superior á de tempo parcial.
- c) En réxime de dedicación non superior á de tempo parcial e con duración indefinida.
- d) En réxime de dedicación a tempo completo e con duración indefinida

36. Segundo o artigo 9 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas, a autorización de compatibilidade para un segundo posto ou actividade no sector público, require:

- a) Previo informe favorable do órgano competente da Comunidade Autónoma ou pleno da Corporación Local conforme á adscrición do segundo posto.
- b) Informe favorable do Consello Superior da Función Pública.
- c) Informe da correspondente Xunta de Persoal.
- d) Informe da Comisión de Persoal.

37. De conformidade co artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, sen prexuízo da necesidade de indicarlle unha dirección electrónica ou outro medio que permita acceder de forma sinxela e inmediata á restante información, incluírase en todo caso entre a información básica que debe facilitarse ao afectado:

- a) Os prazos de conservación da información.
- b) As cesións de datos que se realizarán.
- c) A finalidade do tratamento.
- d) As medidas de seguridade aplicadas.

38. De conformidade co artigo 13 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, para os efectos establecidos no artigo 12.5 do Regulamento (UE) 2016/679 poderase considerar repetitivo o exercicio do dereito de acceso:

- a) Nunha ocasión durante o prazo de seis meses, a menos que exista causa lexítima para iso.
- b) En máis dunha ocasión durante o prazo de seis meses, a menos que exista causa lexítima para iso.
- c) Nunha ocasión durante o prazo de doce meses, a menos que exista causa lexítima para iso.
- d) En máis dunha ocasión durante o prazo de doce meses, a menos que exista causa lexítima para iso.

39. De conformidade co artigo 79 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, os dereitos e liberdades consagrados na Constitución e nos Tratados e Convenios Internacionais dos que España sexa parte son:

- a) Aplicables na internet cando así o estableza unha norma con rango de lei.
- b) Plenamente aplicables na internet.
- c) Aplicables na internet cando así o estableza unha lei orgánica.
- d) Aplicables na internet cando así o estableza unha disposición administrativa de carácter xeral.

40. De conformidade co artigo 7 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, o tratamento dos datos persoais dun menor de idade unicamente poderá fundarse no seu consentimento:

- a) Cando sexa maior de dezaseis anos. Exceptúanse os supostos nos que a lei esixa a asistencia dos titulares da patria potestade ou tutela para a celebración do acto ou negocio xurídico en cuxo contexto se solicita o consentimento para o tratamento.
- b) Cando sexa maior de catorce anos. Exceptúanse os supostos nos que a lei esixa a asistencia dos titulares da patria potestade ou tutela para a celebración do acto ou negocio xurídico en cuxo contexto se solicita o consentimento para o tratamento.
- c) Cando sexa maior de quince anos. Exceptúanse os supostos nos que a lei esixa a asistencia dos titulares da patria potestade ou tutela para a celebración do acto ou negocio xurídico en cuxo contexto se solicita o consentimento para o tratamento.
- d) Cando sexa maior de doce anos. Exceptúanse os supostos nos que a lei esixa a asistencia dos titulares da patria potestade ou tutela para a celebración do acto ou negocio xurídico en cuxo contexto se solicita o consentimento para o tratamento.

41. De acordo con o artigo 22 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, os órganos colexiados da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cuxas funcións sexan exclusiva ou principalmente emitir informes ou propostas, asesorar ou resolver consultas denominaranse:

- a) Organismos.
- b) Consellos.
- c) Comités.
- d) Comisións.

42. Segundo o artigo 56 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, a Corporación Radio e Televisión de Galicia, a Administración autonómica promoverá, dentro dos termos expresados no artigo 54, a transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada das mulleres e dos homes nos medios de comunicación nos que participe ou aos que conceda subvencións ou axudas. Para estes efectos, nas bases reguladoras das axudas ou subvencións:

- a) Establecerase a obrigaón do beneficiario de transmitir este tipo de imaxe.
- b) Valorarase positivamente transmitir este tipo de imaxe.
- c) Poderase establecer a obrigaón do beneficiario de transmitir este tipo de imaxe.
- d) Poderase valorar positivamente transmitir este tipo de imaxe.

43. Cal é a forma xurídica da FORTA?

- a) Asociación sen ánimo de lucro.
- b) Cooperativa.
- c) Fundación.
- d) Sociedade Anónima.

44. En que ano nace a FORTA?

- a) 1989.
- b) 1985.
- c) 1998.
- d) 1990.

45. Cal é o órgano de goberno da FORTA?

- a) A Xunta Directiva.
- b) O Consello.
- c) A Secretaría Xeral.
- d) A Xunta Xeral.

46. Cal é o modo de elección da Presidencia da FORTA?

- a) Cargo electo por votación entre os/as directores/as xerais dos organismos asociados por períodos de dous anos.
- b) Cargo electo por votación entre os/as directores/as xerais dos organismos asociados por períodos de catro anos.
- c) Cargo rotatorio cada seis meses entre os/as directores/as xerais dos organismos asociados.
- d) Cargo proposto pola Secretaría Xeral e designado pola Xunta Xeral por períodos de dous anos.

47. Cal das seguintes non está entre as comisións consultivas e de traballo da FORTA?

- a) Comisión de Compra de Dereitos de Produción Allea.
- b) Comisión de Dereitos de Antena e Produción de TV Movies.
- c) Comisión de Políticas Audiovisuais.
- d) Comisión de Informativos.



48. Na observación histórica sobre o pasado o coñecemento considérase "indirecto", cal é o motivo?

- a) O historiador utiliza exclusivamente a imaxinación para recrear os feitos históricos.
- b) Coñecemento do pasado baséase en testemuños, xa que o historiador non pode coñecer por si mesmo os feitos que estuda.
- c) Descubrimento casual sobre o pasado.
- d) Todo coñecemento é indirecto, tanto do pasado como do presente.

49. Na catalogación de códices, que significa o *incipit*?

- a) Condición do manuscrito mutilado.
- b) Primeiras palabras coas que comeza o manuscrito.
- c) Categoría atribuída aos documentos pioneiros nunha materia.
- d) Estado do manuscrito catalogado no arquivo e dispoñible para consulta.

50. Dentro do concepto de herdanza audiovisual ou patrimonio audiovisual inclúense as gravacións de imaxes en movemento e son?

- a) Si, só se están dirixidas a ser distribuídas ao público.
- b) Si, estean ou non dirixidas a ser distribuídas ao público.
- c) Non, refírese só a obxectos, materiais, traballos e intanxibles relacionados con documentos audiovisuais.
- d) Non, refírese só a habilidades obsoletas e ambientes asociados á reprodución e presentación dos medios.

51. Considérase a preservación audiovisual un fin en si mesmo?

- a) Si, as políticas da UNESCO determinan que a preservación é o obxectivo final, sen atender ao acceso.
- b) Si, debido á permanente mudanza nos soportes de almacenamento.
- c) Non, é necesaria para garantir o acceso ao patrimonio audiovisual, que é o obxectivo da preservación.
- d) Non, trátase dunha fase do proceso de comercialización das obras audiovisuais de carácter histórico.

52. Cal dos seguintes factores é crítico controlar para unha correcta preservación audiovisual dos soportes analóxicos?

- a) A conexión de rede dos equipos de consulta.

- b) O etiquetado do contido.
- c) A humidade no espazo de almacenamento.
- d) A dixitalización das obras.

53. No contexto dun arquivo histórico audiovisual, que quere dicir que preservemos un documento único?

- a) A colección contén un único documento, polo que toma un carácter exclusivo.
- b) Trátase da única copia do documento audiovisual, polo que se prima a salvagarda e a conservación.
- c) Trátase dunha obra singular que define un movemento artístico no ámbito da cinematografía, polo que se ten en conta o valor científico.
- d) É o arquivo dixitalizado que se conserva nun servidor de *backup*.

54. Cal dos seguintes é un soporte de cinta magnética?

- a) Betacam
- b) DVD
- c) SSD
- d) 16 mm

55. Que significa a variabilidade formal do documento?

- a) O documento pode estar nunha diversidade de soportes e tomar diferentes aparencias físicas.
- b) O aspecto do documento muda co paso do tempo.
- c) O formateo do documento é variable.
- d) O documento pode ser de carácter formal ou informal.

56. Que significa a perdurabilidade do documento?

- a) A cualidade pola que é recordado co paso do tempo.
- b) A condición que ten o arquivo para preservar o soporte.
- c) A capacidade para manterse ao longo do tempo.
- d) A utilidade futura que se determina para o documento.

57. Cal é o principio que orixina a actividade documental xornalística?

- a) Verificativo, na busca da verdade informativa mediante a comprobación da veracidade dos documentos.

- b) Explicativo, co fin de que a verdade informativa sexa comprendida polo destinatario.
- c) De perdurabilidade, para fixar a utilidade futura dos documentos.
- d) De adecuación funcional, polo cal se orienta ao tratamento específico que precisa cada documento.

58. Segundo o principio editorial da documentación informativa, pode priorizarse a liña editorial na tarefa documental?

- a) Si, pero sen empregar novas fontes para ese fin.
- b) Si, xa que é un dereito preferente da empresa.
- c) Non, porque implica o uso de fontes diferentes.
- d) Non, os principios verificativo e explicativo son prioritarios.

59. Nos sistemas de recuperación da información, que quere dicir que existe unha simetría entre consultas e documentos?

- a) O sistema procura a coincidencia entre a consulta realizada e os documentos da colección.
- b) O sistema expón un número simétrico de resultados segundo as variables fixadas na busca.
- c) O sistema permite buscas de maior complexidade cando a colección ten un maior número de documentos.
- d) O sistema non executa correctamente a busca, presentando resultados que non responden á ecuación formulada.

60. Un sistema documental permite consultar as listaxes de autores, materias e títulos dos documentos da colección, como se denomina o tipo de busca vinculada a esta característica?

- a) Busca por comandos.
- b) Busca por índices.
- c) Busca guiada.
- d) Busca ordeada.

61. Que función teñen nas buscas os operadores de truncado, como o símbolo asterisco (\*)?

- a) Procura termos entre as datas que aparecen antes e despois do símbolo.
- b) Substitúe un ou varios caracteres.
- c) Permite multiplicar dous números.

- d) Obriga a que os termos anteriores e seguintes ao símbolo aparezan xuntos.
62. Queremos localizar documentos que falen de cultura ou de ciencia en Santiago de Compostela, pero que non mencionen o Xacobeo, cal sería a ecuación correcta?
- a) ((cultura OR ciencia) NOT xacobeo) AND ("santiago de compostela" OR compostela).
  - b) cultura OR ciencia NOT xacobeo AND "santiago de compostela"
  - c) ((cultura NOT xacobeo) OR ciencia AND (santiago OR compostela))
  - d) ((cultura OR ciencia) NOT xacobeo) \* "santiago de compostela" OR "santiago" OR "compostela")
63. Na avaliación da calidade dun sistema de recuperación documental, cal dos seguintes parámetros non debemos ter en conta?
- a) Memoria (recuperación completa de resultados).
  - b) Precisión (pureza dos resultados recuperados).
  - c) Relevancia (axuste dos documentos recuperados á consulta realizada).
  - d) Uso potencial (avaliación da utilidade futura dos documentos recuperados).
64. Como se denomina o fenómeno caracterizado pola obtención de resultados válidos de acordo coa consulta realizada, pero con ausencia dos resultados máis pertinentes?
- a) Anomalía documental.
  - b) Simetría documental.
  - c) Silencio documental.
  - d) Ruído documental.
65. Para que se emprega o método do *hápax legómena* ou dos termos de baixa frecuencia?
- a) Avaliación directa da calidade da análise formal.
  - b) Avaliación da reproducibilidade da indización.
  - c) Avaliación dos resultados obtidos na consulta ao sistema documental.
  - d) Avaliación indirecta da calidade da análise formal.
66. Que elementos básicos conforman un motor de busca? Selecciona a opción máis completa.
- a) Robot de busca, base de datos, calibrador e interface.

- b) Robot de busca, programa de indización e base de datos.
- c) Robot de busca, programa de indización, base de datos e interface.
- d) Robot de busca, programa de indización, base de datos, calibrador e interface.

67. Que tipo de fonte é unha bibliografía?

- a) Primaria, é un documento de carácter orixinal sen proceso de transformación ou cambio.
- b) Secundaria, resulta da análise e do tratamento de documentos primarios.
- c) Terciaria, é unha ferramenta de análise documental.
- d) Cuaternario, resulta da revisión de literatura sistematizada.

68. Cal das seguintes opcións lista só fontes terminolóxicas?

- a) Dicionario, enciclopedia, teses e monografías.
- b) Tesouro, listas de encabezamento, boletíns oficiais e bases de datos.
- c) Dicionario, tesouro, enciclopedia e listas de encabezamento.
- d) Tesouro, bibliografía, listas de encabezamento e bases de datos.

69. Cal é a definición de literatura gris?

- a) Obras publicadas en época de entreguerras e posguerra.
- b) Obras que non circulan por canles convencionais do comercio do libro.
- c) Obras que carecen dos datos mínimos identificativos para o seu tratamento documental.
- d) Teses doutorais, independentemente de que estean editadas e publicadas.

70. Cal das seguintes axencias de noticias non existe na actualidade?

- a) France Press
- b) Visnews
- c) Reuters
- d) AGN

71. Que organismo xestiona a Hemeroteca Dixital, unha colección dixital de 143 títulos de prensa escrita e revistas españolas?

- a) Instituto Cervantes.
- b) Biblioteca Nacional de España.
- c) Real Instituto Elcano.

d) Real Academia Española de la Lengua.

72. Como se denomina a plataforma de xestión dos centros integrados no Sistema de Arquivos de Galicia, que permite a consulta de documentos deses arquivos e que tamén se coñece como Arquivo Dixital de Galicia?

- a) Galeana
- b) Galiciana
- c) Arquigal
- d) Gallaecia

73. A que organización representan as siglas FIAT/IFTA?

- a) Federación Internacional de Arquivística e Tratamento.
- b) Federación Internacional de Arquivos de Televisión.
- c) Instituto Francés da Televisión e do Audiovisual.
- d) Instituto de Formación en Técnicas Audiovisuais.

74. Como se denominan as empresas ou os servizos que ofrecen titulares e textos completos de noticias producidas por distintos medios de comunicación e outras fontes de información a partir da definición de temas do usuario?

- a) Axencias de noticias
- b) Arquivo documental
- c) Agregadores de noticias
- d) Agregadores de prensa

75. Cal das seguintes é unha fonte de información especializada en cine?

- a) Archive.org
- b) IMDbPro
- c) OJD
- d) Getty

76. No contexto da arquivística, que é un documento?

- a) Un arquivo dixital ou analóxico con contido textual.
- b) Información con valor histórico transmitida por un medio de comunicación.
- c) Información que se considera evidencia presentada nun soporte.
- d) Información de valor informativo independentemente de que exista soporte.

77. As películas cinematográficas poden considerarse documentos especiais a efectos da catalogación descritiva, cal das seguintes opcións non representa características singulares das películas cinematográficas?

- a) Cor e son
- b) Número de edición
- c) Velocidade (fps)
- d) Distribuidora e produtora

78. Que é a pista M+E nun documento audiovisual?

- a) A pista de audio que mestura locución e banda sonora.
- b) O que escoitan os espectadores desde os seus dispositivos.
- c) A pista que contén unicamente a música e os efectos de son.
- d) A banda sonora do produto.

79. Cal é o obxectivo da análise documental?

- a) Indexar as partes dun documento.
- b) Describir as partes dun documento.
- c) Facilitar a recuperación do documento.
- d) Catalogar un documento para resumilo.

80. Cal dos seguintes non é un documento audiovisual primario?

- a) Bruto de cámara.
- b) Retransmisión en directo dun partido de fútbol.
- c) Telexornal mediodía.
- d) Retransmisión en directo das badaladas de fin de ano.

81. Como se denomina o proceso de describir ou representar o contido temático dun recurso de información a través dun concepto e/ou dunha linguaxe documental?

- a) Referencia
- b) Selección
- c) Indización
- d) Resumo

82. Que é un asset cando falamos de contidos audiovisuais?

- a) O conxunto de datos que conforman un metadato.
- b) Un contido audiovisual independentemente das súas versións.
- c) A versión principal dun contido informativo.
- d) Unha serie completa.

83. Como se chama o termo dun tesouro que pode empregarse para representar un concepto contido nun documento ou para a recuperación do documento?

- a) Faceta.
- b) Metadato.
- c) Descritor.
- d) Uniterm.

84. Cal dos seguintes termos NON se corresponde cun tipo de descritores dun tesouro?

- a) Temáticos.
- b) Cronolóxicos.
- c) Metadatos.
- d) Onomásticos

85. Da noticia: "Xuntanza do Presidente do Parlamento con representantes da Confraría de Pescadores da Illa de Arousa para abordar a situación do marisqueo na ría de Arousa", cal dos seguintes descritores é un identificador?

- a) Presidente do Parlamento.
- b) Confraría de pescadores da Illa de Arousa.
- c) Marisqueo.
- d) Ría de Arousa.

86. No contexto de recuperación de información en bases de datos, escolla unha palabra baleira de entre as seguintes:

- a) Século XX.
- b) Lotaría.
- c) Lugo.
- d) Aquí.



87. Seguindo as normas ISO, escolla o descriptor formulado correctamente entre os seguintes termos:

- a) Destilar
- b) Bicicleta.
- c) UNESCO
- d) Aspirina

88. Que tipo de resumo é o que recolle os principais enunciados dun documento orixinal?

- a) O resumo descritivo.
- b) O resumo indicativo.
- c) O resumo formativo.
- d) O resumo selectivo.

89. Cal é o principal problema para a conservación do material audiovisual en soporte de vídeo tanto analóxico como dixital?

- a) Obsolescencia dos formatos.
- b) Degradación da cor.
- c) Deterioración do audio.
- d) Deterioración da imaxe.

90. Cal das seguintes propostas NON é unha base de datos?

- a) Opera.
- b) Galiciana-Biblioteca dixital de Galicia.
- c) Catálogo da rede de bibliotecas públicas de Galicia.
- d) Portal do ISSN.

91. Cal destes formatos NON é de vídeo dixital?

- a) MPEG-4
- b) AVI
- c) MOV
- d) WAV

92. Cal das seguintes opcións NON se corresponde cun navegador web?

- a) Chrome
- b) Google
- c) Edge
- d) Mozilla Firefox

93. Cales das seguintes respostas inclúe unicamente formatos de ficheiros de imaxe?

- a) TIFF, JPEG, GIF, BMP
- b) MAP, TIFF, ESP, RDC
- c) ESP, BMP, IMA, RDC
- d) JPEG, IMA, ESP, RDC

94. Que é un MAM en televisión?

- a) O guión dun programa televisivo.
- b) A programación que emite unha canle nun día.
- c) Un sistema de xestión de contidos dixitais composto por diferentes aplicacións.
- d) O acrónimo de Minimum Audiovisual Media.

95. Que termo non está relacionado co guión gráfico en televisión?

- a) Fotograma
- b) Storyboard
- c) Keyframe
- d) Researcher

96. Que representan as siglas OPAC?

- a) Catálogo de biblioteca de acceso público en liña.
- b) Catálogo organizado en áreas de coñecemento ampliado.
- c) Procedemento de dixitalización de soportes analóxicos.
- d) Formato aberto de audio de alta calidade.

97. Que é o Dublin Core?

- a) Un estándar xenérico de descrición documental.
- b) Un estándar específico para documentación audiovisual.
- c) Unha organización pública dedicada á creación de estándares de descrición.
- d) Unha norma de catalogación para a preservación de documentos históricos.

98. Que é o XML?

- a) Metalinguaxe de marcado para documentos electrónicos transmitidos pola web.
- b) Linguaxe predecesora do SGML.
- c) Linguaxe de programación para a web 3D.
- d) Vocabulario de descrición de arquivos gráficos e multimedia en bases de datos.

99. Como se denomina o estándar de metadatos desenvolvido pola Unión Europea de Radiodifusión?

- a) EBUCore
- b) XML
- c) UERdata
- d) MAMP

100. Que é o CSS3?

- a) Unha versión de linguaxe de programación.
- b) Unha versión de linguaxe de marcado hipertextual.
- c) Un estándar de estrutura dun documento HTML.
- d) Unha versión das follas de estilo en cascada.

101. Que representa a etiqueta <header> no HTML5?

- a) O bloque invisible de metadatos da páxina.
- b) A cabeceira da páxina.
- c) O menú da páxina.
- d) O bloque de peche da páxina.

102. Que significa que o identificador dun documento dixital é único e estable?

- a) O mesmo identificador non se pode empregar para varios documentos e non pode ser modificado.
- b) Un documento só pode ter un identificador e non pode ser modificado.
- c) Un documento pode ter varios identificadores, pero estes deben ser correlativos.
- d) O mesmo identificador non se pode empregar para varios documentos e non pode cambiar de localización.

103. Como se denomina o identificador de obxectos accesibles na rede que fai referencia ao lugar onde se almacena o documento?
- a) DOI
  - b) ROI
  - c) DNI
  - d) IAO
104. Como se denomina a interface que permite a dúas aplicacións conectarse e fornece datos estandarizados, por exemplo nas redes sociais?
- a) API
  - b) FTP
  - c) IPA
  - d) URL
105. O propósito último da migración en documentación audiovisual é:
- a) Incrementar a rapidez do acceso aos contidos.
  - b) Preservar a integridade dos obxectos dixitais e manter a capacidade de recuperación para os usuarios.
  - c) Reunir os fondos en departamentos estancos.
  - d) Aforrar custos de mantemento.
106. Cales son os tipos de indicadores de rendemento para avaliar a consecución de obxectivos por parte do Centro de Documentación?
- a) Carga de traballo; eficacia; e efectividade.
  - b) Descrición e indización.
  - c) Selección e borrado.
  - d) Avaliación de listas de autoridades e taggeado.
107. O "backup" do contido dun Arquivo debería estar almacenado en:
- a) Inmediato á copia dos datos orixinais.
  - b) Nun edificio a máis de 5 km do arquivo principal.
  - c) Nun edificio diferente ao que alberga a copia principal.
  - d) Non existe ningunha recomendación a este respecto..

108. O rango de temperatura "ideal" para a conservación de cintas nun arquivo audiovisual de televisión é o seguinte:
- a) Entre 15 e 20 °C.
  - b) De 8 a 12° C.
  - c) Considéranse adecuadas temperaturas por debaixo dos 25° C.
  - d) Menos de 10° C.
109. Cal das seguintes respostas NON é unha característica/función esencial dunha unidade de información?
- a) Proporcionar acceso á información organizada.
  - b) Garantir a seguridade da información confidencial.
  - c) Implementar políticas de márketing empresarial.
  - d) Ofrecer servizos adaptados ás necesidades dos usuarios.
110. Que significa que un documento audiovisual entrou en dominio público?
- a) Que se poden utilizar libremente tanto o documento orixinal como as obras derivadas do mesmo.
  - b) Que se descoñece o autor do documento.
  - c) Que o documento está libre de dereitos e pode ser reproducido sen necesidade de solicitar autorización expresa.
  - d) Que xa pasaron 50 anos da súa creación e publicación.
111. Que significa o símbolo © nunha obra?
- a) Identifica a continuación o(s) titular(es) dos dereitos.
  - b) Que está regulado polo ISBN.
  - c) Que está empadroadado en España.
  - d) Identifica o autor e que está regulado no ISBN.
112. Cal é a duración dos dereitos de explotación dunha obra audiovisual?
- a) Varía segundo o xénero.
  - b) 75 anos.
  - c) Toda a vida dos coautores e 70 anos despois da súa morte.
  - d) Ata a morte dos coautores.

113. Podo transformar libremente unha obra audiovisual que non estea en dominio público?
- a) Si, porque a obra resultante é un produto audiovisual novo da miña autoría.
  - b) Si, se teño autorización expresa do autor ou autores.
  - c) Si, sempre que llo notifique ao autor ou autores.
  - d) Si, porque así está recoñecido no dereito de participación.
114. No tratamento de contidos sometidos a dereitos, que é unha licenza "Creative Commons"?
- a) Unha licenza que permite aos autores decidir como se poden usar as súas obras.
  - b) Unha base de datos que expón produtos libres de dereitos.
  - c) Un catálogo de contidos para a promoción dos autores.
  - d) O sitio institucional para xestionar dereitos de contidos públicos.
115. Cal destas definicións NON é aplicable a un tesouro?
- a) Linguaxe documental.
  - b) Sistema de clasificación.
  - c) Lista alfabética de termos de indización.
  - d) Sistema xerárquico de indización de termos.
116. Que tipo de linguaxe documental son os tesouros?
- a) Linguaxe precoordinaada con vocabulario controlado.
  - b) Linguaxe postcoordinaada con vocabulario libre.
  - c) Linguaxe poscoordinaada con vocabulario controlado.
  - d) Linguaxe precoordinaada con vocabulario libre.
117. Cales destas relacións non se establecen nun tesouro?
- a) Equivalencias
  - b) Xerarquías
  - c) Asociacións
  - d) Cronolóxicas
118. Cal das seguintes opcións NON forma parte dun tesouro?

- a) Sinónimos.
- b) Nota de alcance.
- c) Termo relacionado.
- d) Táboas auxiliares.

119. Cal é a diferenza entre un tesouro e unha lista de descritores?

- a) Non hai diferenza, son iguais.
- b) A lista de descritores límitase a unha área temática.
- c) No tesouro establécense relacións de xerarquía.
- d) Unha lista de descritores non é unha linguaxe documental.

120. Cal das seguintes respostas NON se corresponden cunha linguaxe documental controlada?

- a) Clasificación Decimal Universal.
- b) Lista de palabras clave.
- c) Lista de Encabezamentos de materia para Bibliotecas Públicas.
- d) Tesouro da Unesco.

## **PREGUNTAS DE RESERVA**

### CONTESTAR NA FOLLA DE RESPOSTAS A PARTIR DO NÚMERO 141

1. Segundo o artigo 3.1 da Lei 13/2022, do 7 de xullo, xeral da comunicación audiovisual:

- a) O servizo de comunicación audiovisual está suxeito ao disposto nesta lei sempre que o prestador do dito servizo se encontre establecido en España, salvo que estea situado nunha única Comunidade Autónoma. Neste último caso a competencia será exclusiva e excluínte de dita Comunidade Autónoma.
- b) O servizo de comunicación audiovisual está suxeito ao disposto nesta lei sempre que o prestador do dito servizo se encontre establecido nun estado membro da Unión Europea.
- c) O servizo de comunicación audiovisual está suxeito ao disposto nesta lei sempre que o prestador do dito servizo se encontre establecido en España
- d) O servizo de comunicación audiovisual está suxeito ao disposto nesta lei sempre que a sinal do dito servizo se reciba en España.

2. A Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia, no seu artigo 11 sinala que a disolución da Corporación RTVG requirirá:

- a) O acordo favorable do Consello de la Xunta de Galicia e do Parlamento de Galicia.
- b) O acordo favorable do Parlamento de Galicia.
- c) O acordo favorable do Consello da Xunta, oído o Parlamento de Galicia.
- d) O acordo favorable do Consello da Xunta previo ditame favorable do Consello de Administración da CRTVG.

3. De conformidade co artigo 3 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, as persoas vinculadas ao falecido por razóns familiares ou de feito, así como os seus herdeiros:

- a) Poderán dirixirse ao responsable ou encargado do tratamento ao obxecto de solicitar o acceso aos datos persoais da persoa falecida e, no seu caso, a súa rectificación ou supresión.
- b) Poderán dirixirse ao responsable ou encargado do tratamento ao obxecto de solicitar o acceso aos datos persoais da persoa falecida e, no seu caso, a súa rectificación ou supresión, unicamente nos casos previstos na normativa de desenvolvemento da lei.
- c) Poderán dirixirse ao responsable ou encargado do tratamento ao obxecto de solicitar o acceso aos datos persoais da persoa falecida e, no seu caso, a súa



rectificación ou supresión, unicamente cando a persoa falecida o previsa expresamente.

- d) Poderán dirixirse ao responsable ou encargado do tratamento ao obxecto de solicitar o acceso aos datos persoais da persoa falecida, pero en ningún caso poderán solicitar a súa rectificación ou supresión.

4. De acordo con o artigo 6 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, en ningún caso poderán ser obxecto de delegación as competencias relativas a:

- a) A aprobación de regulamentos.
- b) A resolución de procedementos administrativos.
- c) A resolución dos recursos.
- d) As materias nas que así se determine por unha disposición administrativa de carácter xeral.

5. Segundo o artigo 60 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, a Administración autonómica fomentará o debate electoral sobre as cuestións de xénero:

- a) A través do incremento nun 5 por cento do tempo gratuíto de propaganda electoral, nos medios de comunicación da Corporación Radio e Televisión de Galicia, concedido ás candidaturas ao Parlamento de Galicia, se o destinasen á explicación do seu programa sobre esas cuestións, sen prexuízo de que tamén se puidese abordar no tempo común de propaganda electoral.
- b) A través do incremento nun 10 por cento do tempo gratuíto de propaganda electoral, nos medios de comunicación da Corporación Radio e Televisión de Galicia, concedido ás candidaturas ao Parlamento de Galicia, se o destinasen á explicación do seu programa sobre esas cuestións, sen prexuízo de que tamén se puidese abordar no tempo común de propaganda electoral.
- c) A través do incremento nun 15 por cento do tempo gratuíto de propaganda electoral, nos medios de comunicación da Corporación Radio e Televisión de Galicia, concedido ás candidaturas ao Parlamento de Galicia, se o destinasen á explicación do seu programa sobre esas cuestións, sen prexuízo de que tamén se puidese abordar no tempo común de propaganda electoral.
- d) A través do incremento nun 20 por cento do tempo gratuíto de propaganda electoral, nos medios de comunicación da Corporación Radio e Televisión de Galicia, concedido ás candidaturas ao Parlamento de Galicia, se o destinasen á explicación do seu programa sobre esas cuestións, sen prexuízo de que tamén se puidese abordar no tempo común de propaganda electoral.